



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Número 134
23 de xuño de 2017



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Admisión a trámite

■ 10671 (10/PPL-000008)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei de creación do Instituto Galego de Crédito e Investimento

[36032](#)

1.1.2.1.6. Proposicións de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados

Admisión a trámite

■ 10538 (10/PPLC-000005)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, consonte o artigo 87.2 da Constitución, sobre o establecemento dun rexistro diario da xornada de traballo nas empresas

[36046](#)

Rexeitamento da toma en consideración

■ 7873 (10/PPLC-000004)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Proposición de lei de modificación da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico

[36023](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

Rexeitamento da iniciativa

■ 10181 (10/MOC-000035)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as actuacións que se deben levar a cabo en relación coa proposta que vai presentar a Xunta de Galicia ante o proceso de elaboración dun novo sistema de financiamento autonómico. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 1950, publicada no BOPG nº 28, do 14.12.2016, e debatida na sesión plenaria do 06.06.2017)

[36023](#)

I 10325 (10/MOC-000036)**Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas emisións industriais contaminantes (Moción a consecuencia da Interpelación nº 9280, publicada no BOPG nº 117, do 24.05.2017, e debatida na sesión plenaria do 06.06.2017) [36023](#)

I 10338 (10/MOC-000037)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Losada Álvarez, Abel Fermín**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co cambio xeracional nos negocios dos autónomos (Moción a consecuencia da Interpelación nº 7014, publicada no BOPG nº 92, do 29.03.2017, e debatida na sesión plenaria do 06.06.2017) [36024](#)

1.3.6. Proposicións non de lei**1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno****1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas****Aprobación con modificacións****I 9533 (10/PNP-000891)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula, e quince deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a mellora do marco normativo que regula o delito de usurpación de inmobles e a solicitude á Delegación do Goberno e á Fiscalía do asinamento entrementes dun acordo bilateral ao respecto, así como a actuación que debe levar a cabo naqueles casos en que os ocupantes sexan familias en risco de exclusión social (Procedemento de urxencia) [36024](#)

Aprobación por unanimidade con modificacións**I 9566 (10/PNP-000894)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis**

Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego dunha estratexia global a favor do transporte ferroviario de mercadorías e as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto [36025](#)

I 9862 (10/PNP-000920)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fernández Prado, Martín, e seis deputados/as máis**

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a conexión de Galicia, as comunidades do norte de España e a rexión norte de Portugal ao corredor atlántico na revisión do Regulamento do mecanismo *Conectar Europa* que se vai realizar no ano 2018 [36026](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 5495 (10/PNP-000463)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela, e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para cubrir a demanda existente de prazas públicas en escolas infantís [36027](#)

I 8160 (10/PNP-000756)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen

Sobre a demanda por parte do Goberno galego ao Ministerio de Xustiza do aumento da planta do Ministerio Fiscal en Galicia e a súa dotación cun maior número de recursos, así como á Fiscalía Xeral do Estado da creación dunha fiscalía anticorrupción exclusiva para Galicia [36027](#)

I 8813 (10/PNP-000837)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre a elaboración polo Goberno galego dun estudo da viabilidade do rescate da autoestrada AP-9 para a súa xestión pública [36028](#)

I 9300 (10/PNP-000868)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat, e cinco deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para mellorar o sistema público de pensións [36028](#)

I 9836 (10/PNP-000917)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores, e Torrado Quintela, Julio

Sobre a realización polo Goberno galego das xestións necesarias para evitar a substitución dos helicópteros *Sikorsky S-76 C+*, coñecidos como *Pesca I* e *Pesca II*, polos *Dauphin 365* que pertencían á Xunta de Galicia no ano 2005 [36028](#)

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

Rexeitamento da iniciativa

I 8373 (10/PNC-000878)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David, e dous deputados/as máis

Sobre a demanda polo Goberno Galego ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente da inscrición do eucalipto no Catálogo de especies exóticas e invasoras do Estado español, así como as medidas que debe adoptar e as actuacións que debe levar a cabo ao respecto [36029](#)

I 9286 (10/PNC-000968)**Grupo Parlamentario de En Marea****Quinteiro Araújo, Paula, e Rodríguez Estévez, David**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa publicación das ordes de convocatoria de axudas para agricultores e gandeiros e a tramitación das solicitudes [36029](#)

I 9623 (10/PNC-001008)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Quiroga Díaz, José Antonio, e Pérez Seco, José Manuel**

Sobre o impulso polo Goberno galego do proceso de redacción e a participación dos representantes do sector no Plan forestal galego [36029](#)

I 9764 (10/PNC-001020)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis, e cinco deputados/as máis**

Sobre a creación dunha ligazón específica na páxina web da Consellería do Medio Rural que dea acceso a toda a información referida aos contratos de servizos e medios contra os incendios forestais realizados nos anos 2016, 2017 e no futuro, así como as actuacións que debe levar a cabo en relación cos cambios de uso dos solos ocupados por fragas autóctonas, os monocultivos forestais, nomeadamente de eucaliptos, e a preservación e implementación das masas arbóreas autóctonas [36029](#)

1.3.7. Outras propostas de resolución e acordos**1.3.7.1. Declaracións institucionais**

Declaración institucional do Parlamento de Galicia, do 20 de xuño de 2017, sobre o Día Nacional das Línguas de Signos Española [36030](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 19 de xuño de 2017, adoptou o seguintes acordos:

Admisión a trámite

- 10671 (10/PPL-000008)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei de creación do Instituto Galego de Crédito e Investimento

A Mesa toma coñecemento da referida iniciativa e, dado que vén presentada nos termos previstos no artigo 122 do Regulamento da Cámara, acorda:

1º. Admitir a trámite a Proposición de lei de creación do Instituto Galego de Crédito e Investimento.

2º. Dispoñer o seu traslado á Xunta de Galicia para que emita o informe previsto no artigo 7 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, e para que manifieste o seu criterio e a súa conformidade respecto da súa tramitación nos termos previstos no artigo 123.2 do Regulamento.

3º. Ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

1.1.2.1.6. Proposicións de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados

Admisión a trámite

- 10538 (10/PPLC-000005)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, consonte o artigo 87.2 da Constitución, sobre o establecemento dun rexistro diario da xornada de traballo nas empresas

A Mesa toma coñecemento da referida iniciativa e, dado que vén presentada nos termos previstos no artigo 122 do Regulamento da Cámara, acorda:

1º. Admitir a trámite a Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, consonte o artigo 87.2 da Constitución, sobre o establecemento dun rexistro diario da xornada de traballo nas empresas.

2º. Dispoñer o seu traslado á Xunta de Galicia para que emita o informe previsto no artigo 7 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, e para que manifieste o seu criterio e a súa conformidade respecto da súa tramitación nos termos previstos no artigo 123.2 do Regulamento.

3º. Ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2017
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

O Pleno do Parlamento, na sesión do 20 de xuño de 2017, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da toma en consideración da Proposición de lei de modificación da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico

- 7873 (10/PPLC-000004)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Proposición de lei de modificación da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico
BOPG nº 100, do 19.04.2017

Sometida a votación, obtense o resultado de 33 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención, polo que non se toma en consideración.

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

Rexeitamento da iniciativa

- 10181 (10/MOC-000035)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as actuacións que se deben levar a cabo en relación coa proposta que vai presentar a Xunta de Galicia ante o proceso de elaboración dun novo sistema de financiamento autonómico. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 1950, publicada no BOPG nº 28, do 14.12.2016, e debatida na sesión plenaria do 06.06.2017)

BOPG nº 128, do 14.06.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 18 votos a favor, 38 votos en contra e 14 abstencións.

- 10325 (10/MOC-000036)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas emisións industriais contaminantes (Moción a consecuencia da Interpelación nº 9280, publicada no BOPG nº 117, do 24.05.2017, e debatida na sesión plenaria do 06.06.2017)

BOPG nº 128, do 14.06.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

- 10338 (10/MOC-000037)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co cambio xeracional nos negocios dos autónomos (Moción a consecuencia da Interpelación nº 7014, publicada no BOPG nº 92, do 29.03.2017, e debatida na sesión plenaria do 06.06.2017)

BOPG nº 128, do 14.06.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 31 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación con modificacións

- 9533 (10/PNP-000891)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula, e quince deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a mellora do marco normativo que regula o delito de usurpación de inmobles e a solicitude á Delegación do Goberno e á Fiscalía do asinamento entrementes dun acordo bilateral ao respecto, así como a actuación que debe levar a cabo naqueles casos en que os ocupantes sexan familias en risco de exclusión social (Procedemento de urxencia)

BOPG nº 120, do 31.05.2017

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, por 54 votos a favor, 20 votos en contra e ningunha abstención.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Dirixirse ao Goberno de España para que inicie os trámites que permitan mellorar o marco normativo que regula o delito de usurpación de inmobles.

Sinaladamente:

a) A modificación do artigo 245 do Código penal co fin de reorientar e adaptar o tipo penal de usurpación á situación actual.

b) A potenciación lexislativa dos xa existentes procedementos por xuízo rápido como procedementos modelo para os delitos de ocupación de inmobles dentro da regulación do artigo 795 da Lei de axuízamento criminal.

c) As modificacións lexislativas necesarias para posibilitar a adopción de medidas cautelares tendentes ao desaloxo de inmobles desde o comezo da instrución sumarial.

2. Instar á elaboración dun protocolo entre a Delegación do Goberno en Galicia e a Fiscalía Superior a fin de que, no marco do xa vixente artigo 795 da Lei de axuízamento criminal, promova que os delitos relacionados coa ocupación de inmobles sexan obxecto de xuízos rápidos.

3. Naqueles casos en que os ocupantes sexan familias en risco de exclusión social, arbitrar, en colaboración cos concellos, as medidas necesarias para o seu realoxo a través dos distintos programas postos en marcha pola Xunta de Galicia.»

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 9566 (10/PNP-000894)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego dunha estratexia global a favor do transporte ferroviario de mercadorías e as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto BOPG nº 124, do 07.06.2017

Sométese a votación, acumulada coa proposición non de lei, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a conexión de Galicia, as comunidades do norte de España e a rexión norte de Portugal ao corredor atlántico na revisión do Regulamento do mecanismo *Conectar Europa* que se vai realizar no ano 2018 [doc. núm. 9862 (10/PNP-000920)] e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España:

1. Que realice as xestións oportunas ante a Unión Europea para que, na revisión do Regulamento do mecanismo *Conectar Europa* que se realizará no ano 2018, Galicia, as comunidades do norte de España e a Rexión Norte de Portugal queden conectadas ao Corredor Atlántico, configurando unha

verdadeira rede de mercadorías por ferrocarril que desde a fachada atlántica da península comunique co resto de Europa.

2. A mellora e modernización da rede ferroviaria interna mediante a conexión cos portos e a electrificación das vías que carecen desta innovación, co obxecto de facer máis competitivo o transporte de mercadorías por ferrocarril.

3. A potenciación do uso do ferrocarril para o transporte de mercadorías ao longo do eixo atlántico entre Ferrol e Lisboa. Para avanzar neste obxectivo, no horizonte do ano 2020, promoverase a mellora da liña entre Ferrol e A Coruña e a construción da saída sur de Vigo cara ao Miño e a fronteira portuguesa.

4. O impulso das melloras precisas nas infraestruturas ferroviarias para poder contar cunha liña competitiva para as mercadorías pola cornixa cantábrica, mellorando a conexión de Galicia co litoral cantábrico, conectando co corredor europeo, creando o corredor cantábrico de mercadorías no que é a saída natural de Galicia cara a Europa.

5. Consignar nos orzamentos do Estado para 2018 as partidas necesarias para avanzar nas conexións recollidas nos plans estatais de infraestruturas de transporte:

- a) Liña ferroviaria Vigo-Ourense-Monforte de Lemos-Ponferrada-Venta de Baños.
- b) Saída sur ferroviaria de Vigo, de cara a completar o eixo Ferrol-A Coruña-Vigo-Porto.
- c) Conexión ferroviaria do porto de Vigo coa Plataforma Loxística Salvaterra-As Neves (PLISAN).
- d) Mellora operativa do Porto seco de Monforte.»

- 9862 (10/PNP-000920)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín, e seis deputados/as máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a conexión de Galicia, as comunidades do norte de España e a rexión norte de Portugal ao corredor atlántico na revisión do Regulamento do mecanismo *Conectar Europa* que se vai realizar no ano 2018

BOPG nº 124, do 07.06.2017

Sométese a votación, acumulada coa proposición non de lei, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego sobre o desenvolvemento polo Goberno galego dunha estratexia global a favor do transporte ferroviario de mercadorías e as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto [doc. núm. 9566 (10/PNP-000894)] e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España:

1. Que realice as xestións oportunas ante a Unión Europea para que, na revisión do Regulamento do mecanismo *Conectar Europa* que se realizará no ano 2018, Galicia, as comunidades do norte de España e a Rexión Norte de Portugal queden conectadas ao Corredor Atlántico, configurando unha verdadeira rede de mercadorías por ferrocarril que desde a fachada atlántica da península comunique co resto de Europa.
2. A mellora e modernización da rede ferroviaria interna mediante a conexión cos portos e a electrificación das vías que carecen desta innovación, co obxecto de facer máis competitivo o transporte de mercadorías por ferrocarril.
3. A potenciación do uso do ferrocarril para o transporte de mercadorías ao longo do eixo atlántico entre Ferrol e Lisboa. Para avanzar neste obxectivo, no horizonte do ano 2020, promoverase a mellora da liña entre Ferrol e A Coruña e a construción da saída sur de Vigo cara ao Miño e a fronteira portuguesa.
4. O impulso das melloras precisas nas infraestruturas ferroviarias para poder contar cunha liña competitiva para as mercadorías pola cornixa cantábrica, mellorando a conexión de Galicia co litoral cantábrico, conectando co corredor europeo, creando o corredor cantábrico de mercadorías no que é a saída natural de Galicia cara a Europa.
5. Consignar nos orzamentos do Estado para 2018 as partidas necesarias para avanzar nas conexións recollidas nos plans estatais de infraestruturas de transporte:
 - a) Liña ferroviaria Vigo-Ourense-Monforte de Lemos-Ponferrada-Venta de Baños.
 - b) Saída sur ferroviaria de Vigo, de cara a completar o eixo Ferrol-A Coruña-Vigo-Porto.
 - c) Conexión ferroviaria do porto de Vigo coa Plataforma Loxística Salvaterra-As Neves (PLISAN).
 - d) Mellora operativa do Porto seco de Monforte.»

Rexeitamento da iniciativa

- 5495 (10/PNP-000463)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela, e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para cubrir a demanda existente de prazas públicas en escolas infantís

BOPG nº 75, do 01.03.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 34 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.

- 8160 (10/PNP-000756)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen

Sobre a demanda por parte do Goberno galego ao Ministerio de Xustiza do aumento da planta do Ministerio Fiscal en Galicia e a súa dotación cun maior número de recursos, así como á Fiscalía Xeral do Estado da creación dunha fiscalía anticorrupción exclusiva para Galicia

BOPG nº 109, do 03.05.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 34 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.

- 8813 (10/PNP-000837)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre a elaboración polo Goberno galego dun estudo da viabilidade do rescate da autoestrada AP-9 para a súa xestión pública

BOPG nº 115, do 18.05.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 34 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.

- 9300 (10/PNP-000868)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat, e cinco deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para mellorar o sistema público de pensións

BOPG nº 117, do 24.05.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 20 votos a favor, 40 en contra e 14 abstencións.

- 9836 (10/PNP-000917)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores, e Torrado Quintela, Julio

Sobre a realización polo Goberno galego das xestións necesarias para evitar a substitución dos helicópteros *Sikorsky S-76 C+*, coñecidos como *Pesca I* e *Pesca II*, polos *Dauphin 365* que pertencían á Xunta de Galicia no ano 2005

BOPG nº 124, do 07.06.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 34 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, na súa sesión do 22 de xuño de 2017, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa

- 8373 (10/PNC-000878)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David, e dous deputados/as máis

Sobre a demanda polo Goberno Galego ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente da inscrición do eucalipto no Catálogo de especies exóticas e invasoras do Estado español, así como as medidas que debe adoptar e as actuacións que debe levar a cabo ao respecto BOPG nº 109, do 03.05.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 3 votos a favor, 7 votos en contra e 2 abstencións.

- 9286 (10/PNC-000968)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula, e Rodríguez Estévez, David

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa publicación das ordes de convocatoria de axudas para agricultores e gandeiros e a tramitación das solicitudes BOPG nº 117, do 24.05.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 9623 (10/PNC-001008)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio, e Pérez Seco, José Manuel

Sobre o impulso polo Goberno galego do proceso de redacción e a participación dos representantes do sector no Plan forestal galego BOPG nº 124, do 07.06.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 9764 (10/PNC-001020)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis, e cinco deputados/as máis

Sobre a creación dunha ligazón específica na páxina web da Consellería do Medio Rural que dea acceso a toda a información referida aos contratos de servizos e medios contra os incendios forestais realizados nos anos 2016, 2017 e no futuro, así como as actuacións que debe levar a cabo en

relación cos cambios de uso dos solos ocupados por fragas autóctonas, os monocultivos forestais, nomeadamente de eucaliptos, e a preservación e implementación das masas arbóreas autóctonas BOPG nº 124, do 07.06.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2017

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

1.3.7. Outras propostas de resolución e acordos

1.3.7.1. Declaracións institucionais

O Pleno do Parlamento, na sesión do 20 de xuño de 2017, adoptou os seguintes acordos:

Declaración institucional do Parlamento de Galicia, do 20 de xuño de 2017, sobre o Día Nacional das Línguas de Signos Española

O Pleno do Parlamento, na sesión do 20 de xuño de 2017, aprobou a seguinte declaración institucional:

Declaración institucional sobre o Día Nacional das Línguas de Signos Españolas

«O acceso á educación en condicións de igualdade é un dereito indiscutible para o conxunto do alumnado e, no caso de moitos nenos e nenas xordas, este acceso garántese incluíndo a lingua de signos no marco dun enfoque bilingüe-bicultural baseado na aprendizaxe, coñecemento e uso tanto da lingua de signos como da lingua oral da contorna.

Con motivo do Día Nacional das Linguas de Signos Españolas, e coincidindo co 10º aniversario do recoñecemento legal destas linguas en España, o Parlamento de Galicia declara o valor da lingua de signos na educación, como garante de equidade, inclusión e de liberdade, unha histórica e xusta demanda da Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG) xunto coa Confederación Estatal de Persoas Xordas.

O colectivo de persoas xordas é heteroxéneo e diverso, debido a unha serie de factores persoais e contextuais. Sexa cal for a situación, todas e cada unha das persoas xordas necesitan acceder á información e á comunicación para desenvolveren unha vida independente e seren parte activa do mundo. Por iso, todo suma, e no ámbito educativo un enfoque que abrangue a lingua de signos, ademais da lingua oral da contorna, dotará a persoa xorda de todas as ferramentas necesarias para o pleno desenvolvemento da personalidade e a efectiva participación na vida social, cultural e laboral.

A vontade dos individuos e das familias non é suficiente para garantir o acceso á educación en condicións de igualdade, senón que no caso das linguas de signos o eixo das obrigacións se sitúa nas políticas públicas. Por iso, é preciso que as administracións tomemos conciencia de que o éxito académico das persoas xordas pasa por atender tamén as súas necesidades e demandas respecto ao desenvolvemento efectivo dos seus dereitos lingüísticos e á promoción desta lingua en España.

A Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade establece a obriga dos Estados parte de facilitaren a aprendizaxe da lingua de signos así como promoveren a identidade lingüística das persoas xordas a fin de propiciar a súa participación plena e en igualdade de condicións na educación e como membros da comunidade, un mandato que debe comprometer todas as administracións públicas e ser asumido por elas.

De igual forma, convén ter en conta o Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, e a Lei 27/2007, que recoñece as linguas de signos españolas e os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas, sen esquecer que todas e cada unha das leis educativas e posteriores desenvolvementos inclúen no seu articulado a obriga de ser universalmente accesibles e inclusivas en calquera das etapas educativas, incluída a educación superior.

Con todo o anterior, calquera medida que se tome en consideración para avanzar en políticas educativas inclusivas para o alumnado xordo debe incorporar de forma unívoca as linguas de signos, non só como linguas de cultura e de comunicación senón tamén como linguas curriculares, e a imprescindible participación de profesionais xordos, se o que se pretende é deseñar escolas nas que todos poidan desenvolver as súas verdadeiras capacidades para contribuír na construción dunha sociedade cada vez máis xusta e solidaria.»

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2017
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto no artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición de lei de creación do Instituto Galego de Crédito e Investimento**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A intensa crise económica e financeira puxo en evidencia a existencia de graves dificultades para acceder ao crédito e ao financiamento por parte do tecido produtivo galego, especialmente acusadas no caso das pequenas e medianas empresas.

A reestruturación financeira que se impulsou no Estado español, con inxentes axudas públicas ao sistema financeiro, contou co consenso básico dos dous principais partidos políticos do estado e realizouse baixo a tutela da “troika” (Comisión Europea, Fondo Monetario Internacional e Banco Central Europeo). Tivo un elevado custe para o erario público e as persoas contribuíntes en xeral, ademais de que, como se está a comprobar, non resolveu o fondo do problema.

A reestruturación financeira concentrou e centralizou o sector financeiro, privatizando e bancarizando as caixas de aforros e reducindo o número de entidades, sometidas ademais á supervisión única de institucións centrais do Estado. Baixo esta óptica, levouse a cabo un proceso que para Galiza tivo nefastas consecuencias, sendo a máis clara e evidente a perda das caixas de aforros e a perda da galegitude e absorción de entidades bancarias como o Banco Pastor ou o Banco Gallego.

O último paso deste proceso ten a ver coa venda do Banco Popular, comprado polo Banco Santander ao módico e simbólico prezo dun euro. Trátase dunha operación que supón



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2017 18:26
Nº Rexistro: 10671
Data envío: 19/06/2017 18:26:12.304

avanzar un paso máis na concentración, centralización e oligopolio bancario, coa conseguinte redución da oferta financeira e da competencia no sector, o que suporá maiores dificultades e peores condicións no acceso ao crédito por parte de familias e tecido produtivo, así como menor diversidade de produtos de aforro.

Na actualidade, Galiza conta cunha diferenza de 17.195 millóns de euros entre os depósitos e os créditos. Así, os créditos aos galegos só cobren o 71% dos depósitos existentes no país, sendo a porcentaxe máis baixa de todas as CCAA do Estado. No 2009, por cada euro en depósito, existían 1,32 euros en crédito, polo que isto supón unha redución do 46,2% desta relación. Trátase da peor evolución de todas as CCAA, e supón unha caída o dobre de intensa que a media estatal neste período.

Ademais a evolución máis recente é especialmente negativa. De setembro a decembro do 2016 a diferenza entre depósitos e créditos incrementouse só nun trimestre en 1.304 millóns de euros (pasouse de 15.891 millóns a 17.195 millóns. Así mesmo, o crédito reduciuse en 2.134 millóns de euros (pasouse de 44.697 a 42.563 millóns de euros en créditos). Trátase dunha evolución nunca experimentada nun só trimestre. Superar a actual situación require facerse cargo da necesidade de introducir reformas de maior alcance no sistema financeiro.

Cabe ter en conta que as dificultades para acceder ao financiamento a medio e longo prazo por parte das empresas produtivas non comezaron coa crise económica. Varios estudos realizados ao longo dos últimos anos revelan que o tecido produtivo, en particular as pequenas e medianas empresas, levan padecendo restricións de crédito ao longo dos últimos lustros, afectando en maior medida aos investimentos a medio e longo prazo, esenciais para o crecemento, modernización e expansión das empresas.

Por todo ese conxunto de razóns, cómpre mudar substancialmente o modelo, apostando pola creación do Instituto Galego de Crédito e Investimento. É preciso reformular



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2017 18:26
Nº Rexistro: 10671
Data envío: 19/06/2017 18:26:12.304

os instrumentos financeiros á disposición das nosas empresas produtivas, para crear as condicións que permitan superar a crise e, sobre todo, estar en mellores condicións de medrar no futuro, cunha orientación do crédito cara actividades innovadoras e cara os obxectivos estratéxicos dun desenvolvemento sustentábel. Con máis razón se cadra, pola propia evolución dos recursos financeiros dispoñíbeis en Galiza, dado que constátase a reserva de aforro galego nas distintas entidades financeiras que non se inviste finalmente en Galiza senón que se deriva cara fóra pola estratexia das entidades financeiras. Tendo en conta o resultado final da remuda do mapa bancario, onde apenas quedan entidades financeiras co centro de decisión no país, esa evolución tenderá a reforzarse, crecendo o espolio de aforro galego. Só con entidades financeiras que teñan o centro de decisión en Galiza se asegura o reinvestimento do aforro galego no tecido produtivo do país, e neste momento o instrumento máis acaído é un instituto de crédito oficial galego con control plenamente público.

O actual Estatuto de Autonomía de Galiza, desenvolvendo as competencias exclusivas establecidas no seu artigo 30, recolle a competencia, no apartado 30.1, de “Fomento e planificación da actividade económica en Galiza”, no apartado 30.5, relativo a “Institucións de crédito corporativo, público e territorial e Caixas de Aforros”, así como no artigo 55.2 onde se establece que “A Comunidade Autónoma poderá constituír empresas públicas como medio de execución das funcións que sexan da súa competencia”.

Con este proxecto de lei dótase a Galiza dun novo instrumento, que permitirá financiar o desenvolvemento de novas actividades nos diferentes sectores produtivos do noso país e contribuirá positivamente a reordenar o propio sector financeiro galego na dirección de incrementar o seu compromiso coa economía produtiva.

Exércese, con esta iniciativa legislativa, a nosa capacidade de decisión, pois non podemos manter unha situación onde as empresas produtivas galegas están sometidas ás entidades financeiras cuxos centros de decisión se sitúan fóra de Galiza e que están guiadas



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

polo seu exclusivo interese de espremer os beneficios, nin tampouco dun crédito oficial español cuxas directrices e prioridades se fixan nunhas coordenadas que non coinciden coas necesidades e intereses de Galiza.

Artigo 1. Creación do Instituto Galego e Crédito e Investimento.

Autorízase a creación do Instituto Galego de Crédito e Investimento, como unha entidade pública empresarial con personalidade xurídica propia, das previstas no artigo 89 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público de Galiza, que estará adscrito á consellaría competente en materia de economía e finanzas.

Artigo 2. Réxime xurídico.

O Instituto Galego de Crédito e Investimento será o instrumento principal da política de crédito público do Goberno Galego, estará sometido á normativa de aplicación do sector público galego e á do dereito privado que lle sexan de aplicación no exercicio da súa actividade.

No exercicio das súas funcións, o Instituto Galego de Crédito e Investimento axustarase ás disposicións orzamentarias anuais e ás directrices que en relación coa política económica xeral lle indique o Goberno Galego.

Artigo 3. Réxime patrimonial e empresarial.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

O Instituto Galego de Crédito e Investimento terá patrimonio e tesouraría propia. Así mesmo, no exercicio das súas funcións disporá de autonomía financeira, patrimonial, funcional e de xestión, con submisión á presente lei e ao resto do ordenamento xurídico, sen prexuízo de que na súa actividade axústese ás normas de dereito privado que lle son de aplicación.

O seu Estatuto fixará o réxime patrimonial e económico, consonte as disposicións aplicábeis ao sector público galego.

Artigo 4. Convenios e instrumentos de colaboración.

O Instituto Galego de Crédito e Investimento, a fin de cumprir o seu cometido, poderá utilizar instrumentos de dereito público e privado e asinar convenios de colaboración, concertos e protocolos de actuación coa Administración pública e con calquera ente ou institución pública ou privada.

As operacións que en cumprimento da súa actividade realice o Instituto Galego de Crédito e Investimento con persoas físicas e entidades privadas someteranse ás normas do dereito privado, nas condicións establecidas polos seus Estatutos.

Artigo 5. Obxectivos e actividades.

1.Os obxectivos e fins xerais do Instituto Galego de Crédito e Investimento serán os seguintes:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a) Promover aquelas actividades económicas que contribúan ao desenvolvemento e ao aumento da riqueza de Galiza e en especial, aquelas que, pola súa transcendencia social, cultural, innovadora ou ecolóxica, merezan unha atención prioritaria.

b) A participación ou concesións directa de créditos ás empresas e emprendedores de Galiza, dentro das áreas prioritarias da economía produtiva que estableza o Goberno galego.

c) A redución de custos na xestión dos recursos financeiros e nas operacións de crédito da Comunidade Autónoma.

d) Contribuír a xerar unha nova dinámica ao conxunto do sistema financeiro galego, reforzando a aposta por unha economía produtiva, innovadora, creadora de emprego da calidade e sustentábel.

2. En desenvolvemento de ditos obxectos, o Instituto Galego de Crédito e Investimento poderá:

a) Desenvolver aquelas actividades financeiras que lle encomende o Goberno Galego no ámbito das súas competencias.

b) Tomar participacións ou prestar apoios financeiros en empresas e entidades non financeiras públicas ou privadas, sempre que non superen o límite dos seus recursos propios, e no marco das políticas sectoriais prioritarias, unha vez obtida a autorización do Goberno e posto en coñecemento do Parlamento de Galiza.

c) Constituír, no marco da normativa mercantil e nos termos e condicións establecidos pola lexislación aplicábel, sociedades mercantís dedicadas ao financiamento de empresas baixo calquera modalidade, ou sociedades de investimento en participacións financeiras ou patrimoniais. Ao seu tempo, ditas sociedades poderán participar igualmente en sociedades mercantís, financeiras ou fondos, sexan públicos ou privados, cuxas



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2017 18:26
Nº Rexistro: 10671
Data envío: 19/06/2017 18:26:12.304

actividades se dirixan ao investimento en sectores relacionados coa innovación ou co tecido produtivo de Galiza, en sociedades e fondos de garantía, e en sociedades ou fondos de capital risco.

d) Outorgar e formalizar créditos, operacións de financiamento, avais e outras garantías en favor de institucións, administracións ou corporacións públicas, persoas físicas, autónomos e profesionais -no exercicio da súa actividade económica e profesional-, e de persoas xurídicas, públicas e privadas. En todo caso, os créditos e avais que se concedan a persoas xurídicas deben destinarse ao financiamento de investimentos en activos materiais, inmateriais e financeiros, así como de capital circulante, coa excepción do sector da promoción inmobiliaria (agás a vivenda de protección oficial) que non poderá ser financiada polo Instituto.

e) Prestar asesoramento en materia financeira e emitir informes para o Goberno galego ou o departamento competente en materia de finanzas, a petición destes ou a iniciativa propia.

f) Exercer a representación da Comunidade Autónoma de Galiza nos eidos financeiro e crediticio.

A actividade descrita, particularmente a concesión de créditos e avais, dirixirase a actividades que se realizan en Galiza e, excepcionalmente, para actividades que se desenvolven fóra deste territorio. Neste último caso, con todo, a empresa ou o beneficiario afectado debe ter o seu enderezo social en Galiza.

Artigo 6. Órganos de Goberno.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2017 18:26
Nº Rexistro: 10671
Data envío: 19/06/2017 18:26:12.304

1. Os Estatutos do Instituto Galego de Crédito e Investimento regularán os órganos de goberno, que serán en todo caso, o Consello de Dirección, que estará presidido pola persoa titular da consellaría de adscrición, e a Dirección Xeral.

2. Existirá ademais un Comité Asesor, como órgano de participación dos axentes sociais e institucións e entidades representativas no eido económico, designadas na súa metade por ditas institucións e entidades, e na outra metade polo Parlamento de Galiza a proposta dos grupos parlamentares, entre persoas de competencia recoñecida, procedentes do ámbito financeiro, económico, social ou universitario

Artigo 7. Recursos económicos

Os recursos económicos do Instituto Galego de Crédito e Investimento estarán constituídos por:

- a) As asignacións que se establezan anualmente con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza.
- b) As subvencións, achegas ou doazóns que se concedan ao seu favor por persoas físicas, xurídicas ou outras administracións ou institucións públicas.
- c) Os ingresos derivados dos bens e dereitos integrados no seu patrimonio, e os ingresos ordinarios e extraordinarios derivados do exercicio das súas actividades.
- d) As achegas doutras institucións financeiras, públicas ou privadas, que se establezan consonte a normativa en vigor, ou a través de convenios ou acordos de financiamento.
- e) As emisións de valores de renda fixa, variábel, ou outras operacións de endebedamento e os recursos derivados da xestión integral dos seus activos e pasivos.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

f) Os rendementos procedentes doutras operacións financeiras distintas das indicadas anteriormente, acordes coa propia finalidade do Instituto.

g) Outros recursos que poidan serlle atribuídos na normativa sectorial ou orzamentaria.

Artigo 8. Réxime orzamentario e de xestión.

1. O réxime económico e orzamentario, así como o seu control e fiscalización, do Instituto Galego de Crédito e Investimento será o establecido na normativa de réxime orzamentario de Galiza para as entidades instrumentais públicas.

2. As obrigas patrimoniais do Instituto Galego de Crédito e Investimento terán a garantía da administración da Comunidade Autónoma de Galiza.

Artigo 9. Persoal.

1. Os postos de traballo do Instituto Galego de Crédito e Investimento serán desempeñados por persoal laboral contratado polo Instituto, ademais de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galiza, segundo as funcións asignadas a cada posto de traballo. Neste caso, o réxime de adscrición será o establecido pola normativa de función pública de Galiza.

2. O Instituto Galego de Crédito e Investimento aprobará a súa relación de postos de traballo, onde deberán figurar os postos directivos reservados a persoal de alta dirección, que



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2017 18:26
Nº Rexistro: 10671
Data envío: 19/06/2017 18:26:12.304

poderán ser nomeados e cesados libremente polo Consello de Dirección, entre persoas de recoñecida competencia e experiencia profesional.

O resto dos postos de traballo serán seleccionados en convocatorias públicas, conforme os principios de mérito e capacidade.

Disposición transitoria primeira. Adscrición de persoal

O persoal que presta servizos no Instituto Galego de Promoción Económica integrárase no Instituto Galego de Crédito e Investimento, quen se subrogará na posición de empregador consonte a normativa laboral, mantendo en todo caso os mesmos dereitos laborais.

Disposición transitoria segunda. Subrogación patrimonial

O Instituto Galego de Crédito e Investimento subrogárase en todas as obrigas patrimoniais, e asumirá a titularidade do patrimonio e dos activos e pasivos do Instituto Galego de Promoción Económica.

Disposición adicional primeira. Habilitación de desenvolvemento.

1. O Goberno galego aprobará, no prazo de tres meses, os Estatutos do Instituto Galego de Crédito e Investimento, e realizará as operacións necesarias para a subrogación patrimonial e de persoal prevista nesta presente Lei, ficando expresamente autorizado para realizar cantas accións sexan necesarias para ese fin.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2017 18:26
Nº Rexistro: 10671
Data envío: 19/06/2017 18:26:12.304

2. Así mesmo, facúltase ao Goberno galego a adoptar cantas disposicións adicionais, alén do Estatuto referido no parágrafo anterior, sexan necesarias para o desenvolvemento da presente lei.

Disposición adicional segunda. Inicio de actividades.

1. O comezo das actividades do Instituto Galego de Crédito e Investimento será no momento da entrada en vigor dos seus Estatutos.

No caso de que o inicio das actividades non coincida coa entrada en vigor dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, o Consello da Xunta aprobará os seus orzamentos de explotación e capital e os estados financeiros correspondentes ao exercicio económico en curso, dando conta no prazo de dez días ao Parlamento de Galiza.

2. No momento de inicio da actividade do Instituto Galego de Crédito e Investimento, tamén se aprobarán as operacións necesarias para a extinción do Instituto Galego de Promoción Económica, así como o traspaso da súa actividade, dos seu patrimonio, dos activos e pasivos, e do persoal subrogado nos termos desta Lei.

Disposición derogatoria.

Quedan derogadas cantas de normas de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto na presente Lei.

Disposición derradeira. Entrada en vigor.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2017 18:26
Nº Rexistro: 10671

Data envío: 19/06/2017 18:26:12.304

A presente Lei entrará en vigor o día da súa publicación no Diario Oficial de Galiza.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2017 18:26
Nº Rexistro: 10671
Data envío: 19/06/2017 18:26:12.304

ANTECEDENTES LEXISLATIVOS DA PROPOSICION DE LEI DE CREACIÓN DO INSTITUTO GALEGO DE CRÉDITO E INVESTIMENTO

-Estatuto de Autonomía para Galiza, aprobado por Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril.

-Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galiza.

-Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galiza.

-Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galiza.

-Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2017

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2017 18:26
Nº Rexistro: 10671

Data envío: 19/06/2017 18:26:12.304

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 19/06/2017 18:25:39

Noa Presas Bergantiños na data 19/06/2017 18:25:45

Olalla Rodil Fernández na data 19/06/2017 18:25:50

María Montserrat Prado Cores na data 19/06/2017 18:25:53

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/06/2017 18:25:55

Xosé Luis Bará Torres na data 19/06/2017 18:25:57



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/06/2017 12:50
Nº Rexistro: 10538
Data envío: 15/06/2017 12:50:38.158

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 163 do Regulamento do Parlamento de Galiza, presenta a seguinte **Proposición de lei sobre o establecemento dun rexistro diario da xornada de traballo nas empresas**, para a súa elevación ao Congreso dos Deputados, consonte o artigo 87.2 da Constitución.

Exposición de motivos

A flexibilidade horaria que permite a actual lexislación laboral deu lugar a numerosos litixios onde se cuestionou se as empresas están ou non obrigadas a levar un rexistro diario da xornada de traballo. A cuestión é transcendente non só por afectar aos medios de proba dos que dispoñen as persoas traballadoras para acreditar a realización de horas extraordinarias en caso de discrepancias sobre a súa realización e abono, senón porque incide nas obrigacións de cotización en materia de Seguridade Social, con importantes consecuencias tanto para os dereitos das traballadoras e dos traballadores como para os recursos do sistema.

A Sala Cuarta do Tribunal Supremo resolveu definitivamente a cuestión mediante sentenzas de 23 de marzo e 20 de abril de 2017, onde se conclúe que o artigo 35.5 do Estatuto dos Traballadores, que é a norma legal de aplicación, non establece a obrigaón de rexistrar diariamente a xornada ordinaria, senón só as horas extraordinarias no caso de que se produzan. No entanto, a propia Sala manifesta que, *lege ferenda*, sería conveniente unha reforma lexislativa que clarificara a obrigaón de levar un rexistro horario e facilitara á persoa traballadora a proba da realización de horas extraordinarias.

A presente proposición de Lei vén cubrir dita necesidade de clarificación normativa e seguridade xurídica, modificando os artigos 34 e 35 do Estatuto dos Traballadores para



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/06/2017 12:50
Nº Rexistro: 10538
Data envío: 15/06/2017 12:50:38.158

establecer a obriga para todas as empresas de rexistrar diariamente a xornada das súas traballadoras e dos seus traballadores, en termos similares á regulación actualmente existente para as traballadoras e os traballadores móbiles no artigo 10 bis.5 do Real Decreto sobre xornadas especiais de traballo. Tamén se modifica o artigo 7.5 da Lei sobre Infraccións e Sancións na Orde Social, a fin de establecer como unha infracción grave en materia de relacións laborais individuais e colectivas a falta de levanza ou incorrecta levanza do rexistro diario de xornada.

Con esta modificación legal preténdense evitar as prolongacións irregulares de xornada, que prexudican non só os intereses económicos e xurídicos dos traballadores e o seu dereito á conciliación da vida persoal e laboral, senón tamén a creación de emprego e consecuente diminución do desemprego.

Artigo primeiro. Modificación do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

Un. Engádesse un apartado 9 ao artigo 34 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, co seguinte contido:

«9. A empresa será responsábel de levar un rexistro diario do tempo de traballo de cada traballadora ou traballador. Este rexistro conservarase, polo menos, durante tres anos despois de que finalice o período considerado. A empresa estará obrigada a facilitar ás persoas traballadoras que así o soliciten e á representación legal das traballadoras e dos traballadores unha copia do rexistro das horas traballadas».

Dous. Modifícase o apartado 5 do artigo 34 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, que queda redactado da seguinte maneira:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/06/2017 12:50
Nº Rexistro: 10538
Data envío: 15/06/2017 12:50:38.158

«5. A efectos do cómputo de horas extraordinarias, a xornada diaria de cada traballadora ou traballador rexistrarase conforme ao disposto no apartado 9 do artigo 34 e totalizarse no período fixado para o abono das retribucións, entregando copia do resumo ao traballador no recibo correspondente».

Artigo segundo. Modificación do Real Decreto Lexislativo 5/2000, de 4 de agosto, polo que se aproba o Texto refundido da Lei sobre Infraccións e Sancións na Orde Social.

Modifícase o apartado 5 do artigo 7 do Real Decreto Lexislativo 5/2000, de 4 de agosto, polo que se aproba o Texto refundido da Lei sobre Infraccións e Sancións na Orde Social, que queda redactado da seguinte maneira:

«5. A transgresión das normas e os límites legais ou pactados en materia de xornada e o seu rexistro, traballo nocturno, horas extraordinarias, horas complementarias, descansos, vacacións, permisos e, en xeral, o tempo de traballo a que se refiren os artigos 12, 23 e 34 a 38 do Estatuto dos Traballadores».

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido na presente Lei.

Disposición final primeira. Habilitación normativa.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/06/2017 12:50
Nº Rexistro: 10538
Data envío: 15/06/2017 12:50:38.158

Habílitase ao Goberno para ditar cantas disposicións regulamentarias sexan precisas para o desenvolvemento e execución do disposto na presente Lei.

Disposición final segunda. Entrada en vigor.

A presente Lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial do Estado».



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/06/2017 12:50
Nº Rexistro: 10538
Data envío: 15/06/2017 12:50:38.158

ANTECEDENTES LEGISLATIVOS DA PROPOSICIÓN DE LEI SOBRE O ESTABLECEMENTO DUN REXISTRO DIARIO DA XORNADA DE TRABALLO NAS EMPRESAS

- Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- Real Decreto Legislativo 5/2000, de 4 de agosto, polo que se aproba o Texto refundido da Lei sobre Infraccións e Sancións na Orde Social.
- Real Decreto 1561/1995, de 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo.
- Real Decreto 902/2007, de 6 de xullo, polo que se modifica o Real Decreto 1561/1995, de 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo, no relativo ao tempo de traballo de traballadores que realizan actividades móbiles de transporte por estrada.

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/06/2017 12:50
Nº Rexistro: 10538
Data envío: 15/06/2017 12:50:38.158

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 15/06/2017 12:49:55

Noa Presas Bergantiños na data 15/06/2017 12:49:59

Olalla Rodil Fernández na data 15/06/2017 12:50:04

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/06/2017 12:50:08

Xosé Luis Bará Torres na data 15/06/2017 12:50:12

Ana Pontón Mondelo na data 15/06/2017 12:50:15



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727